



O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa do seu portavoz, Xosé Magariños Maceira, e ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á revisión ou compensación do acordo de exención do pagamento do Imposto sobre bens inmóbeis (IBI) por parte da Igrexa católica.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

En función dos acordos subscritos entre o Estado español e a Santa Sé en 1979, a Igrexa católica conserva algúns privilexios, entre eles económicos, como estar exenta do pagamento do IBI por todos os bens inmóbeis que posúe.

Precisamente, nun informe de 2010, a Dirección xeral do Catastro daba cifras do patrimonio estritamente relixioso da Igrexa católica en Galiza: 7.691 inmóbeis e un valor catastral de 426 millóns, cantidade que non repercute nos orzamentos municipais.

A igrexa católica conta con innumerábeis propiedades no noso concello, entre as que se inclúen leiras, reitorais, pisos, igrexas, casas, cemiterios, solos sen edificar, etc, sen repercusión algunha para o erario público municipal. Segundo os nosos cálculos, a igrexa católica conta con preto de 400 propiedades polas que o concello da Estrada pode estar deixando de ingresar uns 100.000 € ao ano aproximadamente.

Os veciños e veciñas da Estrada, por mor das subidas feitas polo goberno municipal, eliminando a bonificación do IBI, e polo Goberno Central, incrementando o tipo impositivo, este ano pagaremos o dobre no recibo e un 140% o vindeiro, a respecto de 2011.

Na situación actual, de grave crise económica con consecuencias que están a repercutir en toda a poboación que sofre recortes laborais, sociais e económicos, e que debe cumprir coas súas obrigas tributarias, resulta incomprendible que a Igrexa católica teña o privilexio de non tributar a facenda polo seu enorme patrimonio, ao tempo que percibe subvencións para a conservación e mantemento dos seus fondos patrimoniais.

É tempo de actualizar esta situación e de rematar con privilexios que resultan discriminatorios para a maioría da poboación que sofre consecuencias graves polas políticas de recortes nos servizos públicos, por parte do Goberno do Estado, mentres debe seguir a pagar os seus impostos.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte moción, cos seguintes puntos de acordo.

1. Que o concello faga un recuento de todas as propiedades da igrexa católica, tanto inmóbeis como fincas rústicas, para poder definir con exactitude a base impoñíbel do imposto.

2. O Pleno da Corporación municipal insta ao Goberno do Estado a demandarlle á Igrexa católica o pagamento do IBI por estes inmóbeis.
3. Na súa falta, negociar coa Igrexa católica unha compensación co Concello da Estrada, por estar exenta do pagamento do IBI, que podería consistir na cesión gratuíta de bens inmóbeis eclesiásticos que están desocupados ou na achega dunha cantidade económica equivalente.

A Estrada, 25 de maio de 2012

Asdo.: Xosé Magariños Maceira.-  
***Portavoz do grupo municipal do BNG***